

**SOBRE O AXUIZAMENTO DE MANUEL CURROS ENRÍQUEZ.
*AIRES D'A MIÑA TERRA: SECUESTRO DO LIBRO
E PROCESAMENTO DO SEU AUTOR (1880-1881)***

Xulio Ferreiro Baamonde

Profesor Contratado Doutor de Dereito Procesual. Universidade da Coruña.

Xosé Manuel Carril Vázquez

*Profesor Titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social.
Universidade da Coruña.*

RESUMO:

Neste artigo contéñense algunhas consideracións a propósito do axuizamento de Manuel Curros Enríquez por causa da publicación do seu poemario *Aires d'a miña terra*, no centenario da súa morte e da chegada dos seus restos mortais á cidade da Coruña, con especial referencia ao labor realizado por José Manuel Paz Novoa, Manuel Mella Montenegro e Luciano Puga Blanco.

Palabras clave: Manuel Curros Enríquez – *Aires d'a miña terra* – Denuncia eclesiástica – Proceso penal – Absolución.

ABSTRACT:

Some considerations can be found at this paper about the Manuel Curros Enríquez criminal process, caused by the publication of his poetry book *Aires d'a miña terra*, at the centenary of his death and his mortal remains arrival to the city of A Coruña, with special reference to the work of José Manuel Paz Novoa, Manuel Mella Montenegro and Luciano Blanco Puga.

Keywords: Manuel Curros Enríquez – *Aires d'a miña terra* – Ecclesiastical accusation – Criminal proceedings – Absolution.

Sobre o axuízamento de Manuel Curros Enríquez. Aires d'a miña terra: secuestro do libro e procesamento do seu autor (1880-1881)

1. Como é sabido, o pasado mes de marzo cumpríronse cen anos da morte de Manuel Curros Enríquez na cidade da Habana (7 de marzo de 1908) e tamén da chegada dos seus restos mortais á cidade da Coruña (31 de marzo de 1908)¹. Foi enterrado días despois no cemiterio «mariño» de Santo Amaro (2 de abril de 1908) —necrópole dunha grande parte dos persoeiros «bos e xenerosos» da Historia de Galiza²—, logo de pasar por varias rúas da cidade no medio dunha multitudinaria e popular manifestación de recoñecemento da súa figura. Semella ser unha proba máis da intensa relación de «irmandade» que Curros Enríquez mantiña coa cidade da Coruña³, na que —por certo— igualmente atopou a absolución na causa criminal aberta contra a súa persoa pola publicación de *Aires d'a miña terra*, puidendo concibirse esta causa criminal como outro dos feitos máis relevantes que merece ser destacado na vida dunha das tres grandes voces do Rexurdimento galego.

2. En efecto, un dos momentos máis significativos no percorrido vital de Curros é o do seu axuízamento por causa da súa obra *Aires d'a miña terra*. Concretamente, o proceso penal ao que foi sometido o autor durante os anos 1880 e 1881 despois da publicación da citada obra, que se manexa pola súa terceira edición —do ano 1886—, a cargo de *Latorre y Martínez Editores. Biblioteca Gallega. Imprenta de La Voz de Galicia*⁴, na que se inclúen os principais documentos da causa penal⁵. Trátase dunha edición cuxo texto e cuxa imaxe poden consultarse tamén na *Biblioteca Virtual Galega*⁶.

3. E para analizar este concreto momento significativo da vida de Curros compre deixar apuntado aquí —como consideración previa, e sempre dende un punto de vista estritamente legal— que o dereito non é neutral nin na súa concepción nin na súa aplicación, posto que nas súas normas plásmase a ideoloxía de quen ten poder para crealo, e en ocasións, tamén de quen ten poder para aplicalo. E na causa criminal aberta a Curros Enríquez isto é unha evidencia, como deseguido se verá analizando os feitos que deron lugar a esta causa e os argumentos legais empregados para tales efectos⁷.

1 Sobre o tema, incidindo nas circunstancias que rodearon o traslado e o enterramento do autor, véxase X. OREIRO PENSADO, «Crónica actual da morte de Curros», *A Nosa Terra. A Nosa Cultura*, número 9, páxs. 44-51.

2 Para un maior e riguroso coñecemento dos mesmos, *vid.* Monterroso Davesa, X.M.^a, *O cemitério de Santo Amaro A Coruña. Guía de algúns enterramentos de interese (histórico ou anedótico), nos cemitérios centrais da Coruña a partir das inscripcions neles existentes*, Asociación Amigos do Museo Arqueolóxico da Coruña (A Coruña, 1992), páxs. 7 e ss.

3 Neste sentido, véxase F. SENÉN, «Poema da pátria feito na pedra», *A Nosa terra. A Nosa Cultura*, número 9, páxs. 4-7.

4 Trátase da última e definitiva edición corrixida polo propio autor, aumentada con nove poemas máis a respecto das edicións anteriores. A primeira edición, a cargo de A. Otero, é do ano 1880 (Ourense) e a segunda edición, por conta de La Ilustración Gallega y Asturiana, é de 1881 (Madrid).

5 Concretamente, os relativos á «Censura eclesiástica» (páxs. 183-184), á «Defensa en primeira instancia» (páxs. 185-196), á «Sentencia del inferior» (páxs. 197-199), á «Defensa en segunda Instancia» (páxs. 201-255) e á «Sentenza del Superior» (páxs. 257-260).

6 <http://bvg.udc.es>.

7 Sobre o tema, véxase tamén B. MONTERO PREGO, *O proceso penal a Manuel Curros Enríquez (1880-1881)*, Consello da Cultura Galega-Illustre Colexio de Avogados de Ourense (Santiago de Compostela, 2001), 101 páxs.

4. A obra *Aires d'a miña terra* saíu do prelo en 1880, na cidade de Ourense, logo de obter a preceptiva autorización do Gobernador Civil da Provincia e de contar cunha subvención da Deputación, acadando inmediatamente un enorme éxito. Este libro de poemas —en que se pode apreciar, entre outras cousas, o compromiso de Curros coa defensa da nosa lingua, a situación da emigración, o caciquismo, as duras condicións de vida dos nosos labregos e críticas á pena de morte e á Igrexia Católica e ao seu estamento⁸—publicase estando vixente a Constitución da Monarquía Española do 30 de xuño de 1876 (a da «Restauración»)⁹, que pretendía harmonizar o principio de confesionalidade do Estado con certa tolerancia de cultos, declarando que «la religión católica, Apostólica, Romana, es la del Estado»¹⁰, que «la Nación se obliga a mantener el culto y sus ministros»¹¹, que «nadie será molestado en territorio español por sus opiniones religiosas, ni por el ejercicio de su respectivo culto, salvo el respeto debido a la moral cristiana»¹², e por ultimo, que «no se permitirán, sin embargo, otras ceremonias ni manifestaciones públicas que las de la religión del Estado»¹³. Unha Constitución que recoñecía formalmente o dereito das persoas «de emitir libremente sus ideas y opiniones, ya de palabra, ya por escrito, valiéndose de la imprenta o de otro procedimiento semejante, sin sujeción a la censura previa»¹⁴, mais que igualmente poñía fin aos principios que deron lugar no seu momento á Constitución da Monarquía Española do 5 de xuño de 1869¹⁵ (a resultante da Revolución coñecida como «La Gloriosa»), e en especial, ao proxecto de Constitución Federal da Republica Española do 17 de xullo de 1873¹⁶, que separaba «la Iglesia del Estado»¹⁷ e recoñecía a Galiza a condición de Estado¹⁸, con certa «autonomía económica-administrativa e... política»¹⁹.

5. *Aires d'a miña terra* podese encadrar, daquela, nunha época de avances e retrocesos, nos que a certos momentos de recoñecemento formal de liberdades e dereitos individuais e da separación da igrexa-Estado, sucedían outros de recortes e de negación dos citados dereitos e principios²⁰. E precisamente neste contexto debe situarse a

8 A respecto dalgúns dos poemas deste libro (concretamente de «O Mayo» e de «Mirand'ó Chau») tense afirmado que Curros Enríquez «enumera os principios dun programa republicano-progresista adaptado a Galiza: propiedade, sufraxio universal, educación, desaparición da pena de morte, das quintas, do estanco do sal, da censura, do confesionalismo católico do Estado e da axitación reaccionaria por parte da Igrexia» (cfr. F. RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, «A particularidade da contradición», *A Nosa Terra. A Nosa Cultura*, número 9, páx. 10).

9 Citada pola recompilación realizada por E. TIerno GALVÁN, *Leyes políticas españolas fundamentales (1808-1978)*, 2ª edición, Tecnos (Madrid, 1984), páxs. 136-144.

10 Cfr. o seu artigo 11, parágrafo primeiro, inciso primeiro.

11 *Ibidem*, inciso segundo.

12 *Ibidem*, inciso terceiro.

13 Cfr. o seu artigo 11, parágrafo segundo.

14 Cfr. o seu artigo 13.1.

15 Citada pola recompilación realizada por E. TIerno GALVÁN, *Leyes políticas españolas fundamentales (1808-1978)*, 2ª edición, cit., páxs. 112-123.

16 Citado pola recompilación realizada por E. TIerno GALVÁN, *Leyes políticas españolas fundamentales (1808-1978)*, 2ª edición, páxs. 124-135.

17 Véxase o seu artigo 35.

18 Ao declarar no seu artigo 1 que «componen la Nación española los Estados de Andalucía Alta, Andalucía Baja, Aragón, Asturias, Baleares, Canarias, Castilla la Nueva, Castilla la Vieja, Cataluña, Cuba, Extremadura, Galicia, Murcia, Navarra, Puerto Rico, Valencia, Regiones Vascongadas».

19 Cfr. o seu artigo 92.

20 Sobre o tema, véxase B. MONTERO PREGO, *O proceso penal a Manuel Curros Enríquez (1880-1881)*, cit., páxs. 13 e seguintes. Analizando a relación que pivota sobre un modelo de relacións Igrexia-

figura de Curros e a súa obra, pero a carón das persoas que practicaban a defensa da liberdade, a denuncia das inxustizas sociais e a acusación contra o clero pola súa reaccionaria contribución á situación social e política do momento²¹. A citada obra foi un éxito —tal e como se dixo antes— e este éxito víuse acrecentado por unha «denuncia eclesiástica», que foi o detonante do axuizamento de Curros.

6. En efecto, con data do día 22 de xuño de 1880 —pouco tempo despois da publicación de *Aires d'a miña terra*— o Bispo da Diocese de Ourense (o Sr. Cesáreo Rodrigo) remítelle un oficio ao Gobernador Civil da Provincia en que lle comunicaba ter coñecemento do feito de que «Don Manuel Curros Enríquez había publicado y puesto á la venta un opúsculo o colección de poesías, en el que se atacaban y ridiculizaban varios dogmas dela religión católica, señaladamente en las que llevan por título *Mirand'ó chau* y *A iglesia fría*»²², e concluía pedíndolle á citada autoridade civil que, en uso das súas atribucións, «impidiera la circulación y venta de la indicada colección de poesías»²³.

Pero a reacción non só foi pola vía da denuncia civil, senón que tamén se materializou mediante censura eclesiástica, dado que, de xeito practicamente simultáneo, a citada autoridade relixiosa ditaba un edicto —publicado no *Boletín Eclesiástico* do 28 de xuño de 1880²⁴— en que se condenaba a obra por conter «proposiciones heréticas, blasfemas, escandalosas y algunas que merecen otro censura»²⁵, decretábase a prohibición de «su lectura y retención a todos nuestros diocesanos»²⁶, ordenábase a ditos diocesanos «que, si tuvieran ejemplares de él, los entreguen en nuestra secretaría de cámara o a sus respectivos párrocos o confesores para que estos los pongan a... [su] disposición»²⁷, e se concluía sinalando que «a fin de que nuestros amados diocesanos estén prevenidos, y dóciles á nuestra voz, como lo esperamos, se abstengan de tomar en sus manos el expresado libro»²⁸, para o que tamén ordenaba que ese edicto fose «leído al ofertorio de la misa popular en todas las iglesias parroquiales y de anejos el primer día de fiesta después de su recibo»²⁹.

Pois ben, o oficio dirixido ao gobernador civil foi reenviado por este ao Ministerio Fiscal que, con data do día 23 de xuño de 1880, presenta denuncia ao Xulgado de Primeira Instancia de Ourense³⁰, por considerar que en «aquellas [poesías]

Estado asentado na confesionalidade estatal católica, véxase G.M. MORÁN, «Los paradigmas o modelos eclesiales y el Derecho canónico de la comunidad cristiana», *Anuario da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña. Revista jurídica interdisciplinar internacional*, número 10 (2006), páxs. 762-768.

21 Sobre o tema, véxase F. RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, *A evolución ideolóxica de M. Curros Enríquez*, Edicións A Nosa Terra (Vigo, 1995), páxs. 64 e seguintes.

22 Cfr. Resultando 1º da Sentenza da Audiencia Territorial da Coruña do 11 marzo 1881, reproducida, como xa indicou, na terceira edición de *Aires d'a miña terra*, a cargo de Latorre y Martínez Editores. Biblioteca Gallega. Imprenta de La Voz de Galicia.

23 *Ibidem*.

24 Publicado no Boletín Eclesiástico do 28 xuño 1880, reproducido como xa indicou, na terceira edición de *Aires d'a miña terra*, a cargo de Latorre y Martínez Editores. Biblioteca Gallega. Imprenta de La Voz de Galicia.

25 Cfr. o seu parágrafo primeiro.

26 *Ibidem*.

27 *Ibidem*.

28 Cfr. o seu parágrafo segundo, inciso terceiro.

29 *Ibidem*.

30 Véxase o Resultando 1º da Sentenza da Audiencia Territorial da Coruña do 11 marzo 1881.

y muy especialmente en la que lleva el título de *Mirand' o chau*, se hace mofa del sagrado nombre de Dios y se ponen en su boca palabras vulgares, lo cual podía constituir el delito previsto en el número 3º del artículo 240 del Código Penal»³¹, á vez que «no estando el folleto comprendido en la vigente ley de Imprenta, lo denunciaba criminalmente y solicitaba se instruyere el oportuno sumario y se recogiesen los ejemplares existentes en la Imprenta de Otero»³².

7. O Xulgado de Primeira Instancia de Ourense admitiu a denuncia do Ministerio Fiscal, ordenou instruír o correspondente sumario, procedeu ao secuestro dos exemplares da obra e procesou a Curros Enríquez, quen foi condenado —o 4 de agosto de 1880— por ter cometido o delito previsto no artigo 240 do Código Penal de 1870³³ cunha pena privativa de liberdade e ao pagamento, como pena accesoria, dunha multa³⁴. Esta sentenza foi recorrida diante da Audiencia Territorial con sede na Cidade da Coruña, que como Tribunal de apelación revoga —o 11 de marzo de 1881— a sentenza condenatoria de Ourense e absolve a Curros Enríquez do delito imputado, por considerar que non se tiña infrinxido o citado artigo do Código Penal³⁵. Deste proceso, cuxos principais trazos acaban de ser descritos, interesa deterse no labor realizado por tres concretas persoas —que son José Manuel Paz Novoa, Manuel Mella Montenegro e Luciano María Puga Blanco—, posto que as súas respectivas actuacións fan máis comprensíbel a verdadeira causa do axuizamento a Curros.

8. José Manuel Paz Novoa foi o advogado que defendeu a Curros o 25 de xullo de 1880 no Xulgado de Primeira Instancia de Ourense. Amigo do procesado, trátase dunha persoa de múltiples aptitudes³⁶, merecendo ser salientadas as súas facetas coma xurista, coma docente universitario e coma deputado por Galiza nas Cortes Españolas,

31 *Ibidem*.

32 *Ibidem*.

33 Afírmase neste sentido que «comete el delito contra el libre ejercicio de los cultos, previsto en el párrafo tercero del art. 240 del Código penal vigente el que escarneciere, mofare ó burlare públicamente alguno de los dogmas ó ceremonias de cualquier religión que tenga prosélitos en España» (cfr. Considerando 1º da Sentenza do Xulgado de Primeira Instancia de Ourense do 4 agosto 1880, reproducido como xa indicou, na terceira edición de *Aires d'a miña terra*, a cargo de Latorre y Martínez Editores. Biblioteca Gallega. Imprenta de La Voz de Galicia).

34 En efecto, conclúese o proceso dispoñendo na sentenza por parte do titular que «fallo que debo condenar como condeno á don Manuel Curros Enríquez á la pena de dos años, cuatro meses y un día de prisión correccional, y multa de 250 pesetas, con la accesoria de suspensión de todo cargo y derecho de sufragio durante la condena, y las costas; debiendo sufrir la prisión subsidiaria á razón de cinco pesetas por día por lo que hace á la expresada multa, caso de insolvencia, inutilizándose los ejemplares del folleto que se ocuparon y obran en poder del actuario, tan luego esta sentencia cause ejecutoria».

35 Véxase o seu Considerando 3º, en que se afirma «que no infringiéndose por D. Manuel Curros Enriquez en sus composiciones poéticas indicadas el número 3.º del art. 240 del Código penal vigente, único en que se fundó la denuncia y se cita én la sentencia consultada, no procede su aplicación al caso de autos». Isto xustifica o fallo desta sentenza, en que se afirma literalmente «fallamos que revocando, como revocamos, la sentencia consultada que dictó el juez de primera instancia de Orense en 4 de Agosto último, debemos absolver y absolvemos á D. Manuel Curros Enríquez del delito que se le imputa, declarando que la formación de esta causa no perjudica á su buen nombre y reputación, y de oficio las costas de ambas instancias; y mandamos que se devuelvan al editor D. Antonio Otero los ejemplares secuestrados que llevan el título *Aires d'a miña terra*, y que se cancele la fianza prestada por el procesado».

36 Para maior información sobre este ilustre intelectual ourensán, véxase a voz «Paz Novoa, José Manuel» en X.R. BARREIRO FERNÁNDEZ, B. LÓPEZ MORÁN e X.L. MÍNGUEZ GOYANES, *Parlamentarios de Galicia. Biografías de Deputados e Senadores (1810-2003)*. Tomo 1, 2ª edición, Parlamento de Galicia e Real Academia Galega (Santiago de Compostela, 2003), páxs. 512-513.

onde tivo un papel sobranceiro na elaboración, defensa e aprobación da Lei de Redención Foral de 20 de agosto de 1873³⁷. Pese a ter defendido a Curros cunha argumentación moi sólida, Paz Novoa non puido evitar unha sentenza condenatoria.

Como avogado, elaborou a defensa sobre a base principalmente de tres argumentos moi sólidos, o primeiro dos cales era evidenciar a contradición do Gobernador Civil de Ourense, posto que —a pesar de autorizar a circulación da obra— foi deferente coa autoridade eclesiástica remitindo o seu escrito de denuncia ao Ministerio Fiscal³⁸. Un segundo argumento empregado foi o de demostrar que os poemas denunciados non escarneaban nin atacaban os dogmas da relixión católica, sinalando respecto diso: 1) que no poema a «Igrexía fría», o autor censuraba os abusos do dereito ou privilexio de asilo existente no seu día, en virtude do cal os responsábeis de delitos quedaban sempre impunes acolléndose a un lugar sacro, ao que retornaban logo de delinquir, fuxindo deste xeito da acción dos tribunais³⁹; e 2) que no poema «Mirand' o chao», o autor toma como referencia certos versículos do Libro da Xénese para denunciar o mal, personificando á figura de Deus baixo a forma dun ancián, que emprega a linguaxe do pobo para expresar en galego a censura contra a perversión e as miserias sociais existentes no mundo que el creou⁴⁰, advertindo aquí o advogado que non debe ser traducido ao español a expresión «*Q' o demo me leve*», pois perde o seu verdadeiro sentido⁴¹. E por último, o terceiro argumento empregado foi o de reorientar a lectura do artigo 240 do Código Penal de 1870, posto que se promulgou para garantir os dereitos e liberdades da Constitución de 1869, debéndose interpretar o devandito precepto conforme a esta Constitución⁴².

9. De pouco serviron tales argumentos, tendo en conta a sentenza condenatoria ditada polo titular do Xulgado de Primeira Instancia de Ourense, o xuíz Manuel Mella Montenegro, que é o noso segundo protagonista. Del soamente se pode dicir que ditou unha sentenza cualificada no seu momento de escándalo xurídico⁴³, entre outras cousas, por carecer da suficiente motivación que os fallos xudiciais deben conter, ao non recollerse na mesma nin sequera as frases ou palabras concretas que permitirían unha condena, provocando con isto indefensión do procesado, e porque nela non se interpreta nin se aplica correctamente o Código Penal conforme aos principios da Constitución de 1869, que fundamentaba a súa promulgación. Esta sentenza —que semella tomar como modelo a Censura Eclesiástica da que antes se falou— non nos pode sorprender, dada a parcialidade relixiosa do Señor Mella Montenegro, que se evidencia cando: 1) continúa o proceso, a pesar de que o propio Fiscal que presentara a denuncia retirouna no

37 Incluso do punto de vista doutrinal, co seu traballo *Los foros en Galicia: Apuntes sobre la actual organización de la propiedad en estas cuatro provincias y necesidad de su reforma*, Imprenta de Francisco Paz (Ourense, 1872), 63 páxs.

38 Cfr. páxina 186, na parte en que se reproduce a «Defensa en primera instancia», da terceira edición de *Aires d' a miña terra*, a cargo de Latorre y Martínez Editores. Biblioteca Gallega. Imprenta de La Voz de Galicia.

39 *Ibidem*, páxs. 186-189.

40 *Ibidem*, páxs. 189-192.

41 Literalmente, Paz Novoa sostén o seguinte: «El romance *Mirand' o chao* pierde mucho de su carácter inofensivo e ingenuo traducido al castellano: en el idioma nacional, una traducción descarnada y dura borra los esmaltes del arte y torna en indelicadas asperezas los más sencillos atavíos. No es posible traducir ni la índole propia del dialecto en que se escribió el original, ni el genio de la musa popular que lo ha inspirado. Porque no ha de olvidarse que el pueblo gallego, tan fervorosamente devoto, es a la vez zumbón y maleante, aun tratándose de aquellas creencias, instituciones o personas que son objeto de su veneración o su respeto. Y quien le juzgase por estos accidentes como impío o incrédulo, incurriría en error» (*ibidem*, páx. 192).

42 *Ibidem*, páxs. 195 e 196.

43 Véxase *infra*, 11.

momento do xuízo solicitando a libre absolución⁴⁴, aceptándose por parte do xuíz a orde dada polo Bispo aos seus fieis; e 2) non ten reparos en confesar na sentenza a súa relixión, afirmando literalmente que «es verdad firme e innegable, y por tanto dogma de la religión católica, apostólica, romana la existencia de Dios con sus elevadísimos a infinitos tributos y asimismo que el Pontificado es la Cabeza visible de la Iglesia católica y representante de Jesucristo en la tierra»⁴⁵.

10. O certo é que no proceso non se estaba a discutir realmente temas de legalidade, que é algo que permite comprender o feito de que o recurso contra esta sentenza condenatoria e a defensa na Audiencia Territorial incidisen tamén en aspectos distintos dos da pura legalidade. En efecto, aparte das cuestións de legalidade, había que demostrar que aquí se estaba discutindo a separación Igrexa-Estado e —dun xeito implícito— que o idioma galego era tan válido como o español para expresarse literariamente. E esta función foi asumida exemplarmente por Luciano María Puga Blanco, que é o noso último protagonista.

A respecto da súa persoa, sería moi inxusto dicir unicamente que era amigo de Paz Novoa e de Curros Enríquez e que foi o avogado que exerceu a defensa de Curros diante da Audiencia Territorial, porque estamos en presenza dunha persoa —curiosamente esquecida na actualidade— cuxa biografía ten a suficiente entidade como para ser obxecto de investigacións moi diversas, incluídas as propias dunha tese de doutoramento⁴⁶. Pódese dicir que fixo de todo, porque foi alcalde de Santiago de Compostela, profesor universitario, tres veces deputado e dúas senador nas Cortes españolas, gobernador do Banco Español de Cuba, Vogal da Xunta Superior de Prisións, Decano do Colexio de Avogados da Coruña e Fiscal do Tribunal Supremo, entre outras moitas cousas⁴⁷. A súa escolla como avogado defensor de Curros non parece que fose causal, porque se trataba dunha persoa que era moi amiga de Curros, pero especialmente unha persoa con autoridade e poder (ou se se prefire con «*autoritas e potestas*») para lograr a absolucíón.

A defensa realizada por Puga Blanco na Audiencia Territorial foi realmente extensa, ata o punto de ter ocupado dous días (o 4 e o 5 de marzo)⁴⁸. Extensa mais tamén riquísima en argumentacións moi variadas, que poñen de manifesto a competencia

44 Así se recolle no Resultando 3º da Sentenza da Audiencia Territorial da Coruña do 11 marzo 1881 (reproducida, como xa indicou, na terceira edición de *Aires d'a miña terra*, a cargo de Latorre y Martínez Editores. Biblioteca Gallega. Imprenta de La Voz de Galicia), en que se afirma que «el promotor fiscal calificó el hecho objeto del procesamiento de delito relativo al libre ejercicio de los cultos; pero elevada la causa á plenario, pidió la libre absolucíón del procesado, porque las composiciones denunciadas no entrañan la mofa y escarnio á que se contrae el número 3 del art. 240 del Código Penal, fundamento de la denuncia».

45 Cfr. Considerando 3º da Sentenza do Xulgado de Primeira Instancia de Ourense do 4 agosto 1880, reproducida na terceira edición de *Aires d'a miña terra*, a cargo de Latorre y Martínez Editores. Biblioteca Gallega. Imprenta de La Voz de Galicia.

46 Dándose conta principalmente da súa actividade política, véxase a voz «Puga Blanco, Luciano María» en X.R. BARREIRO FERNÁNDEZ, B. LÓPEZ MORÁN e X.L. MÍNGUEZ GOYANES, *Parlamentarios de Galicia. Biografías de Deputados e Senadores (1810-2003)*. Tomo I, 2ª edición, Parlamento de Galicia e Real Academia Galega (Santiago de Compostela, 2003), páxs. 549-551. Aquí, afirmase que é unha «ilustre personalidade da vida política galega esquecida sistematicamente nos repertorios biográficos (escasos e malos, agás o de Couceiro Freijomil) e só parcialmente recollida, a pé de páxina, nas historias da literatura galega polo feito de defender a Curros Enríquez ante a Audiencia da Coruña» (páx. 549).

47 Para coñecer a biografía de Puga Blanco, véxase M. BLANCO REY, «D. Luciano Mº Puga Blanco (1842-1899): un personaje rescatado del olvido», *Anuario Brigantino*, número 22 (1999), páxs. 189-206.

48 Reproducida, como xa se indicou, no apartado «Defensa en segunda Instancia» da terceira edición de *Aires d'a miña terra*, a cargo de Latorre y Martínez Editores. Biblioteca Gallega. Imprenta de La Voz de Galicia.

como profesional do Dereito e a enorme valía intelectual de Puga Blanco. Nesta defensa —na que se tiveron presentes os argumentos ofrecidos por Paz Novoa na instancia— destacan tres liñas de actuación, que son as que seguen.

11. A primeira liña é a relativa á defensa da separación Igrexía-Estado, que se traduce necesariamente na «autoridade dos tribunais de xustiza»⁴⁹. Precisamente por isto, non ten reparos en considerar que a sentenza condenatoria é «un verdadeiro escándalo jurídico»⁵⁰, sinalando ao Xuíz de Primeira Instancia de Ourense «como responsable en primer término de semejante escándalo, no sé si por un error de su entendimiento, si por una deplorable condescendencia de su voluntad, o si por ambas cosas a la vez»⁵¹, e afirmando ademais, «que el juez sentenciador ha querido rendir un homenaje de respetuosa consideración en aras de la desgraciada iniciativa que ha tomado en este asunto el señor obispo de Orense, y es de sentir; que la sumisión incondicional de los poderes públicos del Estado al poder eclesiástico tuvo su época, y no se han escrito en España las leyes que rigen los destinos de la sociedad civil al servicio de los intereses del ultramontanismo»⁵². E conclúe esta liña argumental, laiándose de que «el venerable prelado se haya salido de su terreno para venir a buscar en el procedimiento común y en el Código Penal, lo que el procedimiento común y el Código Penal no pueden darle»⁵³, posto que unha cousa é pecar, correspondéndolle á Igrexa a autoridade para determinar se hai ou non pecado⁵⁴, e outra moi distinta é delinquir, correspondéndolle ao Poder Xudicial a autoridade para determinar se hai ou non delito⁵⁵.

12. Sobre a base de que ter procesado a Curros Enríquez —afirma Puga Blanco— foi «el mayor y más inaudito de todos los errores en que pudieran incurrir los tribunales de justicia»⁵⁶, a segunda liña argumental ten un carácter estritamente legal, porque con ela éntrase a valorar se a conduta de Curros é ou non constitutiva de delito. E para iso analiza o que dicía o artigo 240 do Código Penal, para afirmar logo que «crear en un dogma y simultáneamente escarnecerlo, es un imposible»⁵⁷, en tanto que «el primer elemento del escarnio es la incredulidad, y... el segundo elemento... es la imprudencia»⁵⁸, condutas que non se dan neste caso. E non se dan porque —sostén Puga Blanco— «quien haya leído una sola vez las bellísimas composiciones de Curros

49 Cfr. na obra citada, páx. 208.

50 Cfr. na obra citada, páx. 203.

51 *Ibidem*.

52 Cfr. na obra citada, páxs. 203 e 204.

53 Cfr. na obra citada, páxs. 204 e 205.

54 «¿Es que Curros Enríquez ha pecado? Es que Curros Enríquez en sus composiciones poéticas ha ofendido la integridad y la pureza de la doctrina declarada y establecida como tal por la Iglesia católica? ¿Es que Curros Enríquez en sus composiciones poéticas se ha hecho merecedor de las censuras eclesiásticas que deben imponerse a todo escritor heterodoxo, o que deben imponerse a todo escritor irrespetuoso con los dogmas o con las ceremonias del catolicismo? Pues para examinar este problema, pues para estudiar y resolver este problema, no hay más autoridad que la autoridad de la Iglesia» (cfr. na obra citada, páx. 208).

55 «Pero ¿es que Curros Enríquez ha delinquido; pero ¿es que Curros Enríquez, en sus composiciones poéticas, ha cometido algún hecho justificable, y es que se ha colocado, a la manera que todo delincuente, bajo las duras e inflexibles prescripciones del Código penal? Pues para examinar este problema, no hay más autoridad que la autoridad de los tribunales de justicia» (cfr. na obra citada, páx. 208).

56 Cfr. na obra citada, páx. 210.

57 Cfr. na obra citada, páx. 212.

58 Cfr. na obra citada, páx. 211.

Enríquez... tendrá que confesar... que el distinguido poeta acepta y reconoce como principio seguro e incontrovertible la existencia de Dios; la existencia de Dios, que no es ciertamente dogma exclusivo de la religión católica, sino que es la base, por decirlo así, de donde arrancan los dogmas de todas las religiones monoteístas»⁵⁹.

13. «¡Qué ha escarnecido el dogma de la existencia de Dios; que ha hecho uso de frases y de conceptos que inducen a la mofa y al desprecio de la Divinidad! Suerte poco envidiable habrían de correr João Timoneda, Valdivieso, Lope de Vega, Calderón de la Barca y otros muchos ilustres poetas, si hubiesen tenido la desgracia de ser sometidos a un procedimiento criminal, cuya instrucción y fallo se cometiesen a un juez del criterio del señor juez de primera instancia de Orense»⁶⁰. Con esta parte da intervención de Puga Blanco pode farse xa da terceira liña argumental da defensa, que incide na identidade propia do idioma galego frente ao español. Nesta parte, o avogado defensor pon de relevo a comunión que existe entre Curros Enríquez e o galego, porque —sempre segundo Puga Blanco— «Curros Enríquez tiene en su favor una circunstancia importantísima, una circunstancia tan importante como decisiva en el presente caso...; Curros Enríquez no escribe sus versos en el idioma nacional; ... escribe sus versos en el dialecto del país»⁶¹ que, «relegado a la proscripción por los centros, que se dicen ilustrados, y casi exclusivamente consagrado a la satisfacción de las limitadísimas necesidades de nuestras clases agrícolas, parece renacer hoy al impulso de las famosas églogas de Pintos, de los tiernísimos cantos de Alberto Camino, de Eduardo Pondal y de Lamas Carvajal, de los intencionados epigramas de Añón, de las inimitables concepciones de Rosalía de Castro de Murguía, la simpática y elegante poetisa que ha sabido encerrar dentro sus *Cantares Gallegos* y de sus *Follas novas* todas las esperanzas y todos los desalientos, todos los consuelos y todos los dolores, todas las alegrías y todas las tristezas de este país sin ventura, y parece renacer hoy, por fin, al impulso de la portentosa inspiración de Curros Enríquez, cuyas composiciones no pueden leerse sin que impresionen profundamente el ánimo y sin que despierten hacia su popular autor, más popular que afortunado, un doble sentimiento de admiración y simpatía»⁶².

E defende a identidade do idioma galego [«dialecto» nas súas verbas porque non estaba institucionalizado daquela] para defender a Curros —e de paso, poñer en evidencia implicitamente a actitude do Bispo de Ourense e do Xuíz de Primeira Instancia a respecto do galego—, afirmando que non é posíbel traducir os seus versos ao español sen que haxa un cambio de sentido. En efecto, insistindo no argumento empregado por Paz Novoa na instancia, Puga Blanco considera que o galego «tiene... su fisonomía propia, sus rasgos peculiares y exclusivos, sus modismos y sus estribillos... inadecuables a la lengua castellana: traducirlos, es desnaturalizarlos; traducirlos, es hacerles perder su colorido y su intención; traducirlos, es despojarlos de la malicia o de la sencillez que encierran»⁶³; traducir as súas palabras «es aniquilarlas»⁶⁴. E por isto, considera que Curros non comete delito «por poner en boca de Dios un frase que en... gallego está revestida de la mayor ingenuidad y de la mayor sencillez»⁶⁵.

59 Cfr. na obra citada, páx. 212.

60 Cfr. na obra citada, páx. 213.

61 Cfr. na obra citada, páxs. 216 e 217.

62 Cfr. na obra citada, páxs. 217 e 218.

63 Cfr. na obra citada, páx. 219.

64 *Ibidem*.

65 Cfr. na obra citada, páx. 216.

Entre outras, a frase en cuestión era «*Q' o demo me leve*», que —segundo Puga Blanco— «traducida al castellano y puesta en boca de Dios, entraña una grave irreverencia»⁶⁶, pero en «gallego... no es irreverente ni es grotesca; es de uso común, es inofensiva y oportuna; de uso común, porque la emplean los ilustrados y los ignorantes; inofensiva, por lo puramente rutinaria y automática; y oportuna, porque no puede ser substituida ventajosamente, ni hay siquiera para ella equivalente en el hueco en que se la coloca»⁶⁷. A única frase que se lle aproxima é «*Parece mentira*», que no traduce con la debida exactitud el estribillo final *Q' o demo me leve...*, pero... si... su intención y alcance»⁶⁸, que era poñer en boca de «Dios... las mismas palabras y... las mismas frases... de que los gallegos hacemos uso para expresar nuestras ideas»⁶⁹, razón pola que conclúe sinalando que «no entraña irreverencia, no puede entrañar irreverencia alguna, y muchísimo menos intención de escarnecer»⁷⁰. E como afirmar conleva probar, Puga Blanco dá probas, remitíndose a Juan. A. Saco y Arce, quen —na súa publicación *Gramática Gallega*⁷¹— fala de «Vaya que es ocurrencia!» ou de «¿qué tiene de extraño?» para istos casos⁷²; ou remitíndose «a un aldeano [y] preguntémosle si quiere que le aumenten la contribución o si desea que declaren soldado a un hijo suyo, y nos contestará en el acto: ¡*Do Demo!* o lo que es lo mismo: ¡*Vaya, que es ocurrencia; vaya, que es pregunta!*»⁷³.

14. En fin, estas foron esencialmente as principais liñas de defensa na Audiencia Territorial, cuxa sentenza —como antes se dixo— foi absolutoria⁷⁴. Cómpre indicar, de todos os xeitos, que Puga Blanco non expresou necesariamente na súa defensa o que realmente pensaba, senón o que conviña alegar para defender ao seu amigo Curros Enríquez, demostrando con isto a súa profesionalidade⁷⁵. Mais tamén a súa amizade. Profesionalidade e amizade para un amigo, Curros Enríquez, de quen dixo na súa defensa —y «este es su delito»⁷⁶— que «el quisiera un mejor mundo; el quisiera un mundo exento de las abominaciones y de las impurezas que por todas partes nos asedian y nos degradan a los ojos mismos de la Divinidad; el quisiera un Pontificado sin fausto, una legislación sin pena de muerte, un suelo que no agotara estérilmente el sudor y la sangre, el aliento y la vida de los desheredados de la fortuna, que, más que hijos del trabajo, parecen víctimas de todos los rigores del cielo y esclavos de todas las iniquidades de la tierra; el quisiera una sociedad que no se mostrase indiferente ante el escandaloso espectáculo que nos ofrecen esas miserables grandezas improvisadas de la noche a la mañana, que no pueden tener otro origen que el del vicio consentido, el de la inmoralidad tolerada; gracias al frío escepticismo que se ha erigido en juzgador soberano de las

66 Cfr. na obra citada, pág. 219.

67 *Ibidem*.

68 Cfr. na obra citada, pág. 229.

69 Cfr. na obra citada, pág. 221.

70 Cfr. na obra citada, pág. 222.

71 A obra en cuestión, editada pola Imprenta de Soto Freire (Lugo, 1868), pode consultarse na *Biblioteca Virtual Galega* (<http://bvg.udc.es>), que tamén contén datos biográficos do autor e das súas obras.

72 Véxase a obra citada, pág. 229.

73 *Ibidem*.

74 Véxase *supra*, 7.

75 Incidindo nas razóns que xustifican a intervención como avogado de Puga Blanco e nos agradecementos «poéticos» de Curros Enríquez pola súa defensa, véxase M. BLANCO REY, «D. Luciano M^a Puga Blanco (1842-1899): un personaje rescatado del olvido», *Anuario Brigantino*, cit., páxs. 194-195.

76 Cfr. na terceira edición de *Aires d'a miña terra*, a cargo de Latorre y Martínez Editores. Biblioteca Gallega. Imprenta de La Voz de Galicia, pág. 237.

acciones de los hombres; el quisiera ver condenada la repugnante usura, odioso tributo pagado a la codicia, triste y fecundo manantial de lágrimas, de hambre y de miseria; el quisiera ver protegida la inerme y desamparada ancianidad, igualmente protegida la inocencia, y así bien proscrita la ignorancia, entre cuyas sombras crecen y se desarrollan, para desdicha suya y de la sociedad, la mayor parte de las criaturas humanas; el quisiera pueblos que no fuesen el patrimonio heredado de unos Gobiernos por otros, sino Gobiernos consagrados a producir, en beneficio de los pueblos, el mayor grado de bienestar posible; Gobiernos menos atentos a su conservación, menos atentos a si mismos que a la felicidad común en la gestión de los negocios públicos; el quisiera, en fin, que, así como la luz del sol alumbra a todos por igual, a todos por igual alcanzase la luz de la tolerancia, de la justicia y de la libertad»⁷⁷.

⁷⁷ Cfr. na obra citada, páxs. 236 e 237.